

CAMPESIÑAS DE RYAZAN

1593

Olga Preobrazhenskaya / Ivan Pravov, 1927

ESTREA EN NUMAX: 18.09.2025 | V.O.S.E. | 89 min

O filme máis celebrado da pioneira soviética Olga Preobrazhenskaya céntrase na vida de dúas mulleres labregas, unha vítima dun sogro abusivo e a outra emancipada. Un melodrama feminista que triunfou nas taquillas soviéticas do momento.

«Un filme cunha potente mensaxe de denuncia ao patriarcado e que, ao mesmo tempo, ofrece unhas poderosísimas imaxes»
EL TESTAMENTO DEL DOCTOR CALIGARI



Os engrenaxes do patriarcado

Por Raúl Ruiz Serna

O primeiro que chama a atención n'*As campesiñas de Ryazan* é que Olga Preobrazhenskaya se afasta do estilo vangardista da maioría dos seus coetáneos masculinos do cinema soviético. Quizais ao que máis se parece é a Dovzhenko, ambos comparten un amor polo rural, pola beleza poética das paisaxes e as ancestrais tradicións autóctonas, afastándose do urbanismo industrial revolucionario, o que a longo prazo foi un problema á chegada do stalinismo, máis centralista e interesado en dar unha visión máis unitaria da enorme URSS. Tamén coinciden na súa relación equidistante coas vangardas dominantes, algo máis evidente en Olga Preobrazhenskaya, que realiza un cinema cunha montaxe áxil e fluída, e teima en construír unha historia que se pode entender facilmente, utilizando xéneros populares como o melodrama, pero ofrecendo pequenos detalles que enriquecen a película e dan certa entidade psicolóxica e simbólica aos seus personaxes, logrando que as súas películas sexan de aparencia sinxela, pero moi ricas. Pero isto non quere dicir que descoñeza ou desprece a montaxe vangardista, senón que só a aplica cando lle interesa, logrando un efecto visual e dramático francamente moi interesante.

Outra cousa na que destaca é que usa a fotografía en exteriores coma se fose un personaxe máis, a fotografía é marabillosa, chea de luz, de imaxes bucólicas e de gran beleza pictórica, pero co engadido de que non se trata dun recurso gratuito, nin superfluo, senón que é unha parte fundamental para o contido e a forma da película. O mesmo ocorre coa fascinante sensibilidade etnográfica, hai na directora un claro interese en reflectir unha cultura, uns costumes, unhas tradicións, unha forma de vivir que parece ancestral, pero faino co cotián como motor de fondo; así vemos como se traballa a terra, como se fía nas máquinas manuais doutras épocas, como se limpan e traballan as teas, como se celebran os festexos... todo dentro do desenvolvemento argumental, introducido con gran naturalidade, como quen non quere a cousa. A fotografía e o coidado etnográfico son dúas das cousas máis sorprendentes e marabillosas da película.

E finalmente un punto máis. O tratamento dos personaxes femininos. Hai dúas cousas interesantes neste aspecto: hai todo tipo de personaxes femininos. A película reflicte moi ben a sociedade patriarcal e o peso desta sociedade nas mulleres, que forman parte da engrenaxe de formas moi diversas, en moitas ocasións competindo e enfrontándose, outras axudándose e apoiándose: envexa vs sororidade. Neste sentido é especialmente interesante os dous roles protagonistas: unha é submisa, resignada, traballadora, modesta, acepta os pesares da vida con resignación, é o modelo de moza perfecta para o sistema patriarcal. A outra é unha moza rebelde, decidida, atrevida, ás veces un pouco infantil, forte, teimuda, á que lle dá igual o que digan dela e o que os demais pensen, ou en calquera caso rebélase contra iso, cada presión en contra úsaa para fortalecer a súa determinación, unha muller empoderada. É moi interesante como a película desenvolve estes personaxes e analiza os respectivos desenlaces, e a mensaxe que a película oculta, coma se fose unha simple melodrama máis, pero tendo moito máis escondido do que parece a primeira vista.

Publicado en cursoscine.wordpress.com